



# A formación profesional no marco europeo

***O cambio que se está levando a cabo no ámbito da formación profesional vén impulsado polas novas leis que se ditan no marco europeo e no noso propio país. A formación profesional, ata agora a grande esquecida do sistema, convértese en punto de mira dos lexisladores e revélase como unha opción educativa de futuro para os nosos mozos. Neste artigo os autores pretenden facer un breve percorrido polas directrices europeas que deron lugar a un novo modelo e a normativa española que o concreta e o fai posible.***

## Patricia González Cid

Licenciada en Psicopedagogía

[pgcid@edu.xunta.es](mailto:pgcid@edu.xunta.es)

## Elías Domínguez Prieto

Universidade de Vigo

[elias@uvigo.es](mailto:elias@uvigo.es)

## Palabras clave

Formación profesional, LOCFP, SNCFP, cualificacións profesionais, LOXSE.



opinión  
opinión

17

56

eduga

Revista Galega do Ensino

Na nomenclatura internacional, a formación diferénciase da educación porque a primeira se refire á preparación para o exercicio laboral, de modo que os seus obxectivos teñen unha finalidade concreta e práctica, mentres que a educación abrangue o conxunto da persoa, os seus obxectivos son máis amplos e a longo prazo, e a dimensión moral ten un papel moi relevante.

No ámbito da formación para o traballo, a demandada libre circulación de cidadáns ten consecuencias claras, dada a esixencia dun recoñecemento compartido das titulacións. Así se explica que sexa a formación profesional o tema máis tratado á hora de fomentar a colaboración no eido educativo entre os estados membros. Concretamente, o Tratado da Unión asinado en Maastrich en 1992 e referendado en Amsterdam en 1995, inclúe no seu texto o dereito de todos os cidadáns á educación (Art. 149) e os dereitos á formación profesional (Art. 150).

Respecto ao recoñecemento profesional das profesións regradas, existe un conxunto de disposicións nas que se especifican os dereitos dos cidadáns individuais no campo das cualificacións, que se substituirá nun futuro próximo por unha única directiva que cubra todas as profesións regradas. A meta é conseguir, no 2010, que os cidadáns poidan utilizar as súas cualificacións e capacidades como moeda de cambio común en toda Europa e realzar a presenza e o prestixio da formación profesional.

Xa dende finais dos oitenta, a Comunidade Europea pensa no libre movemento de traballadores dentro do espazo europeo. Para que este feito se faga realidade, todos os membros deben poñerse de acordo sobre os contidos e os títulos de formación profesional para un posterior recoñecemento. O primeiro paso que se dá é o de estruturar as titulacións por niveis e tentar darlles significado europeo dende o nivel 1 ata o 5.

## A formación profesional específica é a ponte entre a escola e a actividade profesional

Para os contidos, créase o concepto de familias profesionais que supón, na realidade, unha redución das especialidades existentes, unha ampliación das familias e a aplicación do concepto 'aprender a aprender'. O agrupamento por familias permitirá que os futuros profesionais estean capacitados para os cambios de posto de traballo, que ocorrerán ao longo da súa vida profesional.

Igualmente, créase un itinerario para a validación das novas formacións. Así, a proposta ministerial de cada ciclo formativo debe ser aprobada polo Consello Xeral da Formación Profesional e, despois, remítese a unha Comisión Europea que ratifica os contidos e a titulación. É dicir, o título é aprobado por todos os membros e, por conseguinte, reconecido en todos os países.

No ámbito europeo pódense discernir dous tipos de formación profesional: a "academicista" e a "profesional". A formación profesional "academicista", propia dos países latinos (de Bélxica ao sur de Europa), tentou, dende o primeiro, compaxinar a formación dunha cultura xeral (científica e humanística) cunha formación específica da especialidade profesional. Isto é, a carga horaria da cultura xeral é tanto ou máis importante que a tecnolóxico-práctica. Esta organización respondía a unha formulación político-social da educación global como posible "ascensor" social. Non se concibía nestes países, e aínda non se concibe nalgúns, que a formación técnica dos alumnos non vaia acompañada dunha forte formación "intelectual". Esta concepción foi a propia do noso país e presentou un inconveniente particular: a segregación do alumnado á hora de acceder á formación profesional ou ao antigo bacharelato, unha realidade que tivo graves consecuencias de aceptación social da FP na Lei xeral de educación (LXE) do 70.

En canto á formación profesional "técnica", é unha ensinanza característica dos países anglosaxóns (norte de Europa), e parte da idea de que os alumnos xa teñen unha base cultural suficiente; daquela, a ensinanza profesional debe ser unicamente técnica. Fundada maioritariamente no sistema dual, permitiu o desenvolvemento industrial dos anos 60 e a preparación técnica dos traballadores nun determinado oficio. É curioso o nome inglés que recibe esta formación: "Vocational training", adestramento ou preparación vocacional. Este modelo caracterízase pola formación en centros de traballo, formación de longa duración, xeralmente a través de contrato.



## A evolución da FP en España

No noso país, coa aprobación da LOXSE prevense dúas modalidades de formación profesional. Por un lado, as ensinanzas impartidas dentro do sistema educativo e encamiñadas a capacitar os cidadáns para o desempeño cualificado das distintas profesións; e, por outro, as accións dirixidas á formación continua, que permiten a inserción e a reinserción laboral dos traballadores, por medio da formación profesional de carácter ocupacional. É, ademais, labor das administracións públicas garantir a coordinación de ambas as ofertas de formación profesional.

A formación profesional establecida na LOXSE contén: a formación profesional de base e a formación profesional específica. A formación profesional de base está presente no currículo da educación secundaria obrigatoria. A formación profesional específica é unha das reformas máis importantes que se introduciron coa Lei de 1990. Esta, situada entre a formación profesional de base e a formación en centros de traballo, parte da ensinanza académica e das súas características de programación, aprendizaxe sistemática e crítica, e avaliación, á vez que se define en relación directa co sistema produtivo. É, en resumo, a ponte entre a escola e a empresa ou, en xeral, a actividade profesional.

Na formación, así ideada, a empresa ten unha importante responsabilidade na definición, e sobre todo, na elaboración dos perfís profesionais que inspiran os contidos formativos, e implica que a formación profesional específica non debe desenvolverse só nos centros educativos, senón tamén en situacións produtivas reais, mediante acordos de cooperación: centro produtivo-centro educativo. Hai que dicir que esta nova



organización incrementou a participación efectiva do sector produtivo. Coa nova estrutura, ao finalizar os estudos dos ciclos, os resultados formativos e de inserción laboral son os máis altos de Europa.

Na perspectiva de España, existían rutas de cualificación relativamente independentes, ao contemplar perfís profesionais estruturados en unidades de competencia, no caso dos títulos de formación profesional inicial, e perfís ocupacionais diferentes, no caso dos certificados de profesionalidade, o que non facilitaba as correspondencias e validacións. Ademais, producíase un illamento entre isto e o recoñecemento das competencias adquiridas por vía da experiencia laboral en traballadores que accederon a cualificacións intermedias ao longo da súa traxectoria profesional.

**A empresa ten unha importante responsabilidade na definición e na elaboración dos perfís profesionais que inspiran os contidos formativos**



A este colectivo cómpre engadir os traballadores que non teñen ningún tipo de certificación e que exercen actividades correspondentes a baixas cualificacións e que son os máis vulnerables ante procesos de reaxuste organizativo e/ou tecnolóxico nas empresas.

Todo este proceso culminou coa aprobación da LOCFP (Lei orgánica das cualificacións e da formación profesional) en xuño de 2002, que establece e ordena un Sistema Integral de Formación Profesional, de Cualificacións e Acreditación (SNCFP) en España. Desta maneira, xéranse mecanismos que vinculan a formación profesional e a aprendizaxe no emprego, creando itinerarios e modelos profesionais que axudan as persoas a transitar dun a outro sistema, mellorando as súas cualificacións e empregabilidade, así como a mobilidade da forza laboral na Unión Europea.

### O Proceso de Copenhague

É moi importante destacar que todo isto se debe a que en Europa se está a vivir unha situación de permanente cambio e modificacións, que se reflicte na educación, en todos os seus ámbitos. A universidade está agora mesmo inmersa no proceso de Boloña e a formación profesional vive tamén a súa propia transformación a partir do Proceso de Copenhague. Trátase dunha estratexia que busca conseguir a uniformidade dos procesos educativos e de formación en Europa antes do 2010, co fin de promover a libre circulación dos cidadáns dentro da Unión Europea, así como a mellora das cualificacións, obxectivo impulsado pola Estratexia de Lisboa no ano 2000. Preténdese así, que a formación profesional contribúa de forma esencial ao cumprimento da finalidade primordial de facer de Europa a economía do coñecemento máis competitiva e dinámica do mundo.

A formación de profesionais máis cualificados, a consecución de meirandes taxas de crecemento e unha maior competitividade económica poden facer realidade o desexo de conseguir a obtención dunha política hexemónica mundial en materia de formación, chegando a ser un referente para outros países. O traballo de Copenhague céntrase na actualidade, en asegurar a calidade, a transparencia e o recoñecemento das cualificacións. A cooperación iniciouse cunha serie de proxectos prácticos ou obxectivos:

- Un marco único para a transparencia das competencias e as cualificacións. Trátase de reunir nun formato máis visible e de fácil manexo as aptitudes, titulacións e certificacións adquiridas ao longo da vida: Europass.
- O sistema de transferencia de créditos para a formación profesional, que establece un marco metodolóxico común para facilitar a transferencia dos créditos de aprendizaxe dun sistema de cualificación a outro, e favorecer a mobilidade e o acceso á aprendizaxe permanente.
- Uns criterios e principios comúns de calidade para a formación profesional: levarase a cabo unha serie de criterios e principios comúns relativos á garantía de calidade que poderían servir de base para iniciativas a escala europea, como directrices de calidade e listaxes de requisitos para as formacións profesionais.
- Principios comúns para a validación de modalidades de aprendizaxe non formais e informais: trátase de desenvolver unha serie de principios comúns que garantan unha maior compatibilidade entre as formulacións nos distintos países e a diversos niveis.
- Orientación permanente: o obxectivo é reforzar a dimensión europea dos servizos de orientación e ase-

soramento para que os cidadáns teñan un maior acceso á aprendizaxe permanente.

Todos estes cambios pretenden contribuir, polo tanto, a unha mellora da formación profesional, xa non só no noso país, senón nos da Unión Europea, pois en todos se necesita unha reforma destas ensinanzas, para conseguir adaptalas ao mercado de traballo e que os estudos acadados nun país, sexan válidos en calquera outro. É necesario que esta mudanza que se formula sexa, por fin, unha realidade para os nosos mozos, que ven na formación profesional a súa opción de futuro.

Podemos concluír, daquela, que coas sucesivas leis que foron aparecendo nos últimos anos, se intenta, cada vez máis, aproximar a formación profesional ao mundo do traballo. Desta maneira deixa de ser a grande esquecida do sistema educativo, para tornarse na grande alternativa de moita mocidade que quere incorporarse á vida activa.

### Bibliografía

- SALAMÉ SALA, J. (2007) "Avances en supervisión educativa" *Revista de la asociación de inspectores de educación* (7) (Dispoñible en [http://www.adide.org/revista/images/stories/pdf\\_7/ase07\\_m06.pdf](http://www.adide.org/revista/images/stories/pdf_7/ase07_m06.pdf). Consulta realizada en febreiro de 2009).
- LOXSE 1/1990, do 3 de outubro. Lei de ordenación xeral do sistema educativo en España (BOE, 4 de outubro de 1990).
- Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional (BOE, 20 de xuño de 2002).
- LOE 2/2006, do 3 de maio, de educación (BOE, 4 de maio de 2006).